

MONÓLOGO #enredandocogalego2025

(Ainara Fernández Gil e Sara Pardo Córtez)

-AINARA

Olaaa!! Nos somos Sara e Ainara, introducímonos neste ``challenge`` para integrar o galego mais a nosas vidas. Nós non somos neofalantes pero nalgunhas ocasións utilizamos o galego.

-SARA

Claro que si Ainara, e hoxe imos falar dos prexuízos do galego a vida cotiá, e como o vivimos nós, os adolescentes, pero claro, como somos unhas adolescentes vamos a meterlle algo de humor para que isto non sexa tan aburrido. Ai vamos!!

-AINARA:

Sara, vou contarte un drama cotián. O outro día, íamos coas miñas curmás ao supermercado, xa sabes que eu o de falar galego no o levo moito pero agora esta de moda e xa sabes que eu SEMPRE estou de moda, eu non podía deixar de notar que todos nos miraban cando falábamos.

É como se a xente pensase que falar galego fose a mesma cousa que chegar ao supermercado cos pantalóns de flamenco postos (que seguro que en Sevilla é o mais común pero parece que falar a nosa lingua nun supermercado é a cousa mais estrana vista)

Total, que cando fun a pagar, a rapaza da caixa díxome: “¿No habláis castellano?” E eu, sen inmutarme, contestei: “Non, falamos galego, é a nosa lingua, sabes?”

Ela respondeu, coma se non tivese máis que facer na vida: “Ah, qué guay, como a abuela.”

E eu pensei: “Perdoa???, pois SI, miña abuela fala galego e é mais guay ca ti”

-SARA

Oh, eu tamén teño a miña! O outro día, fun a recoller un pedido super chulo de Zara—si, porque tamén hai que ser responsable— e na caixa, mentres pagaba, o tipo díxome:

-“Vostede é de onde?”

-Eu con todo o orgullo: “De aquí.”

-El, que parece que nunca viaxou máis aló do seu barrio, pregúntame:

-“Por qué falas así?”

-Eu, que perdín a paciencia (porque xa me dirás ti quen entende aos homes) , solto: “E como queres que fale, facendo o pino?.”

Funme co ego polas nubes.

-AINARA

Pero sabes o peor? Acórdaste do día que estábamos en Nigrán na praia ti mais eu (mais soas ca unha) tranquilamente poñendo música en baixiño para non molestar a ninguén.

Un par de parvos estaban co altofalante co volume a mais non poder poñendo música un pouco estraña, seguro que o altofalante estaba farto de reproducir esa música, e dixéronnos que apagamos esa merda, que a música galega era para os vellos. E ti soltaches polo baixiño ``pois para escoitar a túa música, prefiro ser unha vella cun estilo musical bo``

E que o que non entendo e porque hai tanto prexuízo pola música galega. E que todo o mundo pensa que a música galega son todo muiñeiras e pandeiradas? POIS NON, tamén hai reguetón e pop.

Convidovos a escoitar ``Os meus males`` de 9Louro e Yuly``

-SARA

Mira, Ainara, tiven que vivir a peor das cousas nunha festa de aniversario. Estabamos na casa de Carolina , e todo ben, música, xente, risas... ata que chega o momento no que estamos a falar entre todas. E nese intre, un rapaciño do curso, que sempre está no seu mundo, díxome:

“Sara, pero non podías falar normal? Que xa non estamos na aldea, eh?”

Non podía crer o que escoitaba.

E claro, colleu toda a miña atención. Mirei á xente que había ao redor e pensei: “Vou ser boa, vou ser boa, non vou soltar a bomba aquí...”

Pero ao final non puider máis e soltei:

“Perdoa, que eu no momento non me decatei de que estábamos nunha festa de aniversario ‘internacional’. Que igual estamos a falar de China ou Berlín.

E que de verdade ponme moi NERVIOSA eses comentarios que nadita que ver

-AINARA

Eu flipo coa xente Sara.

Bueno isto chegou ao seu fin.

Ao final so seremos ti e mais eu contra todos eses parvos que non saben nada da vida. Nós seguiremos esforzándonos co galego .Un saúdoo!!!!